

Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estimadas familias:

Con motivo de informarlles a cerca da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, a continuación lles fago un breve resumo:

■ CANTOS CURSOS SON?

A ESO é unha etapa obrigatoria que abrangue dos 12 aos 16 anos, consta de dous ciclos:

1º CICLO: 1º ESO – 2º ESO – 3º ESO

2º CICLO: 4º ESO

■ QUE MATERIAS VAN A ESTUDAR NO 1º CICLO? :

MATERIAS	PERÍODOS LECTIVOS SEMANAIS		
	1º CURSO	2º CURSO	3º CURSO
Lingua castelá e literatura	4	3	3
Lingua galega e literatura	4	3	3
Lingua Estranxeira_Inglés	3	3	3
Matemáticas	5	5	4
Xeografía e historia	3	3	3
Bioloxía e xeoloxía	4	-----	2
Educación Física	2	2	2
2º lingua estranxeira	2	2	-----
Educación plástica e visual	2	-----	2
Materia de libre configuración	1	1	-----
Tecnoloxía	-----	3	2
Física e Química	-----	3	2
Música	-----	2	2
Materia específica> escoller 1	-----	-----	2
Relixión ou Valores éticos	1	1	1
Titoría	1	1	1
TOTAIS	32	32	32

Si superas con éxito a Educación Secundaria obterás:

O TITULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

■ PROMOCIÓN AO CURSO SEGUINTE!!

Haberá **3 avaliacións** e unha **avaliación extraordinaria** . Os alumnos terán que recuperar as materias pendentes.

Promocionarán ao curso seguinte sempre e cando superen todas as materias ou se suspenden **1 ou 2 materias** sempre que non sexan **Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas** ou **Lingua Galega e Literatura e Matemáticas simultaneamente**.

Si promocionas con materias suspensas poderás superalas no curso seguinte.

Oillo! As materias pendentes de cursos anteriores tamén contan para a promoción.

■ CANTAS VECES PODO REPETIR?:

Poderase repetir **2 veces** como máximo en toda a etapa da ESO.

■ QUE TEÑO QUE LEVAR PARA MATRICULARME?:

SOBRE COA DOCUMENTACIÓN MÁIS IMPORTANTE :

- O impreso de matrícula (o cal se lle dará no centro)
- Folla de autorizacións.
- Folla de datos persoais.
- 3 fotografías tamaño carné, co nome e apelidos por detrás.
- Fotocopia e orixinal do DNI ou do libro de familia.

ENTREGA: NA SECRETARÍA DO IES

PRAZO: Do 1 ao 10 de xullo.

Departamento de Orientación